

Descartes (1596-1650). Filosofía moderna. Teoría do Coñecemento.

O método cartesiano.

Segundo Descartes, o método é necesario para acadar o coñecemento verdadeiro acerca da realidade, evitando todo tipo de erros. Constitúe, porén, unha guía indispensábel que conduce a razón cara á verdade; o método supón unha confianza absoluta na razón, pero a razón pode ser desviada polos prexuícios, a precipitación e as paixóns, polo que se fai necesario o método para encamiñar a razón de modo seguro cara á verdade. Como indica Descartes na *Regra IV das Regras para a dirección do espírito*, titulada *O método é necesario para a investigación da verdade*: “... é moito máis acertado non pensar xamais en buscar a verdade das cousas que facelo sen método...”

As regras do método.

As famosas regras do método aparecen expostas na segunda parte do *Discurso do método*. A primeira regra di que tan só se debe aceptar como verdadeiro aquilo que aparece con absoluta **evidencia**. A evidencia dase na **intuición**, é dicir, un acto puramente racional polo que a mente capta de modo inmediato e transparente unha idea. O rasgo propio das ideas evidentes e inmediatamente intuitas é dobre: teñen que ser **claras e distintas**. A segunda e terceira regras indican como se debe proceder para alcanzar a verdade, e que hai que facer cando xa se está en posesión de ideas claras e distintas. Trátase dun procedemento de **análise-síntese**: o problema a estudar ten que ser analizado ate encontrar os seus elementos máis simples (as *naturezas simples*), que son captadas mediante a *intuición*. Unha vez en posesión das naturezas simples, as partes máis elementais do problema que estamos a analizar, procédese de xeito inverso a recompoñer o problema por medio da *síntese*, que consiste nun proceso ordeado de **deducción** que encadea unhas ideas a outras, dende as máis simples ate acadar as ideas máis complexas. A cuarta regra esixe que se fagan frecuentes comprobacións da análise e revisións do proceso de síntese; en definitiva, esta última regra consiste no **repaso** das anteriores regras.

A estrutura da razón: intuición e deducción.

Posto que a razón é a que nos permite coñecer a verdade, cómpre saber cal é a súa estrutura, o seu funcionamento, a fin de que sexa posíbel aplicala correctamente e deste modo obter coñecementos verdadeiros. Dous son, a xuício de Descartes, os modos de coñecemento, ou dito doutro xeito, dúas son as operacións que realiza a razón: a *intuición* e a *deducción*. A intuición é unha especie de “*luz natural*”, de “*instinto natural*” que capta as naturezas simples: por medio da intuición aprehendemos inmediatamente conceptos simples emanados da mesma razón, sen que quede posibilidade algunha de dúbida ou erro. Todo o coñecemento intelectual desplégase a partir da intuición das naturezas simples. Partindo destas verdades sinxelas, por medio da deducción, a razón, trata de derivar o coñecemento de verdades moito máis complexas. Debido a que nas regras do método se empregan tanto a intuición como a deducción (a análise para chegar aos elementos máis simples e a síntese para a reconstrución deductiva do complexo a partir do simple), é polo que se lle denomina **método intuitivo-deductivo**. Esta forma de proceder das regras do método non é arbitraria, xa que responde á dinámica interna da propia razón que opera de xeito intuitivo e deductivo. Ate agora a razón tan só se empregou deste xeito nas *matemáticas*, producindo resultados admirabeis. Nada impide, nembargantes, que a súa utilización se faga extensíbel a outros ámbitos do saber, para producir uns froitos igualmente admirabeis. Por iso, Descartes tratará de empregar este método de corte matemático na filosofía.

“*Compraciáame eu sobre todo nas matemáticas, a causa da certidume e evidencia das súas razóns; pero non advertía aínda o seu verdadeiro uso, e pensando que non servían máis que para as artes mecánicas, asombrábame de que, sendo os seus fundamentos tan firmes e tan sólidos, non se tivese edificado enriba nada máis elevado.*”

(Descartes, *Discurso do método*)

A dúbida metódica

Para fundar a filosofía hai que basearse unicamente en evidencias absolutas, en ideas claras e distintas, eliminando todas aquelas ideas e crenzas que non aparezan como evidentes. Descartes decide proceder seguindo o camiño da dúbida: dubidar de todo para ver se queda algo que resista a toda dúbida, é dicir, ver se fica un resto indubitábel e certo. Emprega a dúbida tan só para buscar a verdade: dubidar de todo é tan só un procedemento metodolóxico para encontrar unha verdade indubitábel. Por esta razón falamos de “*dúbida metódica*”. Non se trata, porén, dunha *dúbida escéptica*, que desconfíase da posibilidade de alcanzar a verdade e o coñecemento. A dúbida non é para Descartes a última verdade sobre o coñecemento, xa que confía na posibilidade de que a razón, guiada polo método obteña a verdade.

Os grados da dúbida

A dúbida aplícase entón a todas as crenzas, especialmente ás que parecen máis firmemente aceptadas por todos. Se é posíbel dubidar delas deben, de momento, deixarse de lado, xa que non poden valer como fundamento firme sobre o que construír o edificio da filosofía (metáfora empregada polo propio Descartes). En primeiro lugar, é posíbel dubidar da información aportada polos **sentidos** (cousa lóxica para un racionalista): se os sentidos, ás veces, nos enganar, non debemos fiarnos deles, xa que poden enganarnos sempre. Certamente, a maioría dos homes considerarán altamente improbábel que os sentidos nos induzan sempre a erro, pero a improbabilidade non equivale a certeza e, por este motivo, a posibilidade de dubidar acerca da testemuña dos sentidos non queda totalmente eliminada. En segundo lugar, (e isto xa é máis notábel nun racionalista), tamén é posíbel dubidar dos nosos **razoamentos**, posto que ás veces nos equivocamos en razoamentos moi sinxelos. Polo que debo sospeitar de todas aquelas conclusións acadadas por medio de extensos eslabóns de razoamentos. En terceiro lugar, é posíbel dubidar da **realidade do mundo**: ¿como distinguir a realidade das ilusións do soño? Este terceiro grado da dúbida baséase na imposibilidade de distinguir a vixilia do soño. Os soños amósannos a miúdo mundos de obxectos de extremada viveza, e, nembargantes, ao despertar descubrimos que tales mundos de obxectos non teñen unha existencia real. ¿Como diferenciar, pois, o soño da vixilia e como acadar a certeza absoluta de que o mundo que percibimos é real?

Na súa máis importante obra, as *Meditacións metafísicas*, introduce unha dúbida radical: a imposibilidade de distinguir a vixilia do soño permite dubidar da existencia das cousas e do mundo, pero non parece afectar a certas verdades, como as matemáticas: dormidos ou despertados, os tres ángulos dun triángulo suman 180 grados. Pero, afirma Descartes, que tal vez exista algún *espíritu maligno*, unha especie de *Deus enganador*, ou **xenio maligno** “*de extremado poder e intelixencia que pon todo o seu empeño en inducirme a erro*”. Tan só se trata dunha suposición, pero de tal alcance que permite dubidar de todos os nosos coñecementos, incluso dos que tomamos como máis evidentes, como o son os matemáticos.

A primeira verdade evidente

A dúbida conducida ate este extremo de radicalidade parece eliminar toda posibilidade de conquistar algunha verdade, e os escépticos triunfarían. Pero, de súpeto, do interior mesmo do acto de dubidar xurde unha certeza que resiste a toda dúbida: estou dubidando e se dubido penso, e se penso existo. Podo dubidar dos sentidos, dos razoamentos e da verdade do mundo, incluso, podo dubidar da veracidade das matemáticas, pero eu que dubido, que penso, existo. “**Penso, logo existo**” (“*cogito, ergo sum*”, en latín), como a primeira verdade evidente, a primeira certeza, o fundamento firme e sólido sobre o que construír o edificio da filosofía. Esta primeira verdade evidente é captada por intuición (xa que a razón ve clara e distintamente que para pensar hai que existir), non se trata, polo tanto, dun razoamento, no cal podería introducirse algún erro. A partir deste intre, Descartes intentará, por dedución, obter o coñecemento de verdades moito máis complexas.

Pero, o “penso, logo existo” non é tan só a primeira verdade e a primeira certeza, senón que é tamén o prototipo de toda verdade e de toda certeza. A evidencia do “cogito, ergo sum” procede de que teño a firme intuición de

que se trata dunha verdade clara e distinta. De aquí deriva, pois, o **criterio de certeza**: todo canto perciba con igual *claridade e distinción* será verdadeiro, e polo tanto, poderei afirmalo con inquebrantábel certeza.

As ideas como contidos do pensamento

Temos unha verdade absolutamente certa: o “*penso, logo existo*”, de momento, a única certeza que temos é que existo eu como pensamento: polo de agora, non podo asegurar a existencia de ningunha outra realidade: nin a do meu propio corpo (xa que quen pensa é a alma), nin a do mundo (pois, do feito de pensar sobre do mundo, non se deriva que este exista, da mesma maneira que pensar en unicornios, tampouco asegura que estes existan realmente fora do meu pensamento), nin sequera podo afirmar a existencia de deus (pola mesma razón, xa que do feito de pensar en Deus non se ten porque derivar o feito de que exista). O problema que xurde é complicado de resolver: ¿Como demostrar a existencia dunha realidade extramental, a saber, exterior ao pensamento? ¿Como asegurar que existe algo aparte do meu pensamento e exterior a el? O problema é enorme, sen dúbida, a Descartes non lle queda máis solución que deducir a existencia da realidade a partir do único que ten seguro, a existencia do seu propio pensamento. Así o esixen as regras do método: posto que a primeira verdade atopada por medio da intuición é o “*eu penso, logo existo*”, desta verdade deben extraerse, por deducción, todos os nosos coñecementos acerca da realidade. Antes de continuar, cómpre establecer con que elementos conta Descartes para poder demostrar a existencia de outras realidades ademais do seu pensamento. Contamos con dous elementos: o *pensamento* (eu penso) e as *ideas* que pensa o pensamento (as ideas son os contidos do pensamento). Polo tanto, afirma Descartes que “*o pensamento pensa sempre ideas*”. A afirmación de que as ideas son os obxectos do pensamento leva ao filósofo francés a distinguir dous aspectos delas: as *ideas como actos mentais* do noso pensamento (isto é, en tanto que se atopan na mente) e as *ideas en canto que posúen un contido obxectivo* (a saber, en canto que se correspondan ou non con algo realmente existente fora do noso pensamento). En tanto que actos mentais, todas as ideas encontráanse na nosa mente, en canto ao seu contido obxectivo, este varía, pois, non ten a mesma obxetividade a idea de “*minotauro*”, que a de “*nube*” ou, sobre todo, segundo Descartes, a de “*ser perfecto*” ou a de “*infinito*”.

A clasificación das ideas.

Hai, pois, que partir das ideas e sometelas a unha análise. Ao realizar esta análise Descartes distingue tres *tipos de ideas*: **Ideas adventicias**, é dicir, aquelas que parecen proceder da nosa experiencia externa, isto é, do mundo (as ideas de “*home*”, “*nube*”, “*sol*”). (Escribín, “*parecen provir*” e non “*proveñen*”, porque aínda non está demostrado que o mundo exista, posto que aínda non nos consta absolutamente a existencia dunha realidade exterior). **Ideas facticias**, é dicir, aquelas ideas que constrúe a nosa mente a a partir doutras ideas (a idea de “*pegaso*”, elaborada a partir das ideas de “*cabalo*” e “*alas*”). Existen outras ideas que non son nin adventicias nin facticias (poucas, dende logo, pero para Descartes son as máis importantes). Non proceden da experiencia exterior nin son construídas polo pensamento a partir doutras. ¿Cal é entón a súa orixe? A única contestación posíbel é que o pensamento as posúe en se mesmo dende sempre, isto é, son **ideas innatas**.